



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

## PROVIDENCIA DE ALCALDÍA

### **Ordenanza Municipal reguladora da protección dos camiños e vías públicas municipais do Concello de Fisterra**

Sendo necesario aprobar unha Ordenanza Municipal reguladora da protección dos camiños e vías públicas municipais do Concello de Fisterra, co obxectivo principal de coidar da debida conservación dos camiños e vías públicas municipais, desenvolvendo unha normativa municipal que regulará o uso axeitado destes por parte dos usuarios que pretendan, entre outras actividades, a realización de labores de xestión forestal, como son as operacións de corta e saca de madeira, xa que son os que maior repercusión negativa teñen sobre este tipo de pistas e camiños municipais, moitos dos cales non están deseñados para soportar o tráfico dos vehículos pesados empregados nas actividades referidas, visto o Informe de Secretaría-Intervención obrante no expediente,

DISPOÑO

**PRIMEIRO.** Que en aplicación do disposto no artigo 133 da Lei 39/2015 se publique esta Providencia no Portal Web e no Taboleiro de Anuncios do Concello para realizar o trámite de Consulta Pública para recabar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas, durante un período de vinte días hábiles.

**SEGUNDO.** Que, tras a realización do trámite de consulta previa, polos Servicios Técnicos Municipais, se redacte o proxecto de Ordenanza.

A Alcaldesa – Presidente

Área Domínguez Sisto

Fisterra, 7 de xaneiro de 2025.